

7

Taxa por licencias de
autotaxi e demais veículos
de aluguer.



**13.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXI
E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER**

ARTIGO 1- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer o que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisións de licenzas, cando proceda seu outorgamento, de acordo á lexislación vixente.

- c) Autorización para substitución dos vehículos afectados ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Están obrigados ó pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeneral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade en favor da que se outorgue a concesión e expedición da licenza ou a favor de quen se autorice a transmisión da devandita dita licenza
2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuxos libro-rexistros sexan dilixenciados.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refire os artigo 42 da Lei Xeneral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en Xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeneral Tributaria.

ARTIGO 5. COT A TRIBUTARIA

A cota tributaria ven determinada por unha cantidade fixa sinalada, segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

a) Concesión e expedición de licencias	835,10€
b) Autorización para transmisións de licencias	
b.1. transmisión "inter vivos"	1.879,01€.
b.2. transmisión "mortis causa"	
— a favor dos herdeiros forzosos	668,14€
— posteriores transmisións	
c) Substitución de vehículos	72,00€
d) Revisión de vehículos:	
d.1. revisión anual ordinaria	41,76€
b.2. revisión anual extraordinaria, a instancia de parte.	41,76€

ARTIGO 6. DEVENGO

1. A taxa devéngase no momento en que se outorgue a licenza ou se presten os servizos previstos nesta ordenanza.

2. Cando se trate da prestación dun servizo de revisión do vehículo a taxa devengarase no momento no que se inicie a devandita prestación, entendendo, a estes efectos, que tal inicio prodúcese no momento da solicitude do servizo.

ARTIGO 8. DECLARACIÓN E INGRESO

1. A prestación dos servizos previstos nesta ordenanza solicitarase polo medio de instancia, aportando os documentos que, en cada caso, sexan esixibles.



No momento de presentación da solicitude o suxeito pasivo deberá autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas do artigo 5 da presente ordenanza, utilizando o modelo deseñado para tal fin.

Tramitados os expedientes e previo outorgamento da licenza ou autorización, practicarase a liquidación tributaria correspondente, confirmando a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo, ou serrando unha liquidación complementaria se esta fora maior que a auto liquidada no seu día, ou procedendo á devolución dos ingresos nos suposto no que fora menor.

Se a resolución administrativa fora contraria á concesión da licenza ou autorización, procederá a devolución do importe autoliquidado.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na Normativa de Desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en 1989, e entrará en vigor, unha vez publicada no BOP, o 1 de enero de 1990, ata a súa derogación expresa ou modificación.

A presente Ordenanza foi modificada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de outubro de 2002, e non presentándose reclamación algunha, entrou en vigor o día de su publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 246 de 26 de decembro de 2002 e será de aplicación a partir del día 1 de Enero do 2003.

A presente modificación foi aprobada inicialmente polo Pleno, en sesión celebrada o 31 de outubro de 2011, entrará en vigor no mesmo día da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.”